

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*ORDE do 5 de febreiro de 2015 pola que se procede ao nomeamento como funcionario do corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de estatísticos/as, do aspirante que superou o proceso selectivo extraordinario de consolidación convocado pola Orde do 16 de xullo de 2013.*

Unha vez rematado o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de estatísticos/as, convocado pola Orde do 16 de xullo de 2013 (DOG núm. 140, do 24 de xullo), requirido o aspirante para elixir destino e comunicado por el o posto elixido, esta consellería, de conformidade co disposto no Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia e demais normas concordantes,

#### DISPÓN:

Primeiro. Nomear funcionario do corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de estatísticos/as, a Jaime Leirós Alonso de Velasco con DNI 35473745V e adxudicarlle como destino definitivo o que figura no anexo, de acordo coa elección manifestada polo interesado.

Para adquirir a condición de funcionario, a persoa a que se refire o anexo desta orde deberá cumprir os requisitos exixidos no artigo 47 do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computarse a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Excluir do proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Xunta de Galicia, subgrupo A1, escala de estatísticos/as, a Jaime Leirós Alonso de Velasco con DNI 35473745-V que é nomeado funcionario de carreira do mesmo corpo en virtude desta orde, de acordo co disposto na base IV.6 da orde de convocatoria do 16 de xullo de 2013.

Terceiro. Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes



contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde esa mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2015

Elena Muñoz Fonteriz  
Conselleira de Facenda





ANEXO

DNI	Apelidos e nome	Código do posto	Cons	Denominación	Nivel	Subgrupo	Centro destino	Centro directivo	Concello
53178632X	Leiros Alonso de Velasco, Jaime	FCA010000015770011	FC	Posto base grupo A	20	A1	Instituto Galego de Estatística	Instituto Galego de Estatística	Santiago de Compostela

